



XVII Premio Internacional
COMPOSTELA
para Álbums Ilustrados


CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

Kalandraka



MARIA GIRÓN GAÑA O XVII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA CON «BIM, BAM, BUM»

A autora e ilustradora catalá Maria Girón é a gañadora do XVII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados polo proxecto presentado co lema «Bim, bam, bum». A dotación do certame, organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e KALANDRAKA, é de 9.000 euros e supón a publicación da obra en galego, castelán, catalán, éuscaro e portugués o vindeiro mes de novembro.

Maria Girón estudou Belas Artes na Universidade de Barcelona, completou a súa formación en Boloña e Sevilla, e especializouse en ilustración na Escola Llotja. Ten unha ampla traxectoria, con numerosos libros publicados e traducidos a distintas linguas. No catálogo de KALANDRAKA figuran «Cinco ratiños», «Os migrantes», «Cos brazos abertos», «Miña Guía, Meu Capitán» e «Paraules de caramel». Foi seleccionada en 2010 e 2017 para expoñer na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

Ao XVII Premio Internacional Compostela presentáronse 218 proxectos procedentes dunha vintena de países, como Arxentina, Chile, Bolivia, Estados Unidos, Suíza, Grecia, Eslovenia, Emiratos Árabes, Corea do Sur, China ou Tailandia. O xurado estivo composto pola autora e ilustradora arxentina Natalia Colombo - primeira gañadora do certame en 2008-, a especialista en Literatura Infantil e Xuvenil Ana Garralón, o ilustrador e editor portugués André Letria, o ilustrador galego Xosé Cobas, a directora editorial de KALANDRAKA, Manuela Rodríguez, a concelleira de Educación de Santiago, Míriam Louzao, e Cristina Salgado como secretaria.

A obra gañadora sobresaie pola “frescura” coa que “mostra a cara lúdica da infancia, na que a amizade é un compoñente esencial”, argumenta o xurado do XVII Premio Internacional Compostela, que valorou especialmente que «Bim, bam, bum» evoque “a felicidade nesa etapa da vida”.

Así, tanto no texto como nas ilustracións están presentes “o xogo, a liberdade, o movemento e o humor, complementándose nun todo harmonioso”. O relato, “sinxelo e musical”, apóiase en recursos da tradición oral como os acumulativos, as repeticións e os xogos fonéticos. Cun estilo “vibrante e actual”, as imaxes destacan polo “trazo libre que xoga co espazo e coas cores”.



FINALISTA

O humor tamén desempeña un papel importante na obra finalista, «Voglio andare senza rotelle», de Tobias Giacomazzi.

Preto de 5.000 traballos presentáronse ao Premio Internacional Compostela dende a súa primeira edición en 2008; un dato que, ademais da súa relevancia cuantitativa, tamén sitúa este certame como un referente mundial de calidade literaria e artística. As obras distinguidas acadan unha importante proxección exterior nas principais feiras do libro, como Boloña, Frankfurt e a FIL de Guadalajara (México), ademais de actuar como embaixadoras culturais da cidade de Santiago.

A alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, non só felicitou a autora gañadora e o finalista, senón tamén “a todas as persoas que se animaron a participar neste certame consolidado cun número tan grande de obras”. Precisamente, Ana Garralón referiuse ao Premio Internacional Compostela como un certame “eclectico, moi variado e suxestivo”. “É unha marabilla que siga dezasete anos ininterrompidos premiando libros”, engadiu.

Nese sentido, Natalia Colombo salientou “a diversidade de todas as propostas que foron gañando” nos anos transcorridos dende que se converteu na gañadora do I Premio Compostela con «Cerca». “Cada libro ten unha personalidade única”, precisou sobre os títulos distinguidos neste certame.

Sobre «Bim, bam, bum», André Letria resaltou que se trata dun relato “dun modo moi intelixente e que anima a ter ganas de que continúe”. Manuela Rodríguez incidiu en que tanto a obra gañadora como a finalista “teñen o foco posto na infancia e non no mundo adulto, polo que son obras para as nenas e os nenos”. Xosé Cobas reiterou o “abano enorme de estilos, propostas, conceptos e maneiras de enfocar as historias” presentadas a esta edición do Premio Compostela, cun “nivel moi alto” que fixo que “para o xurado fose complexo descodificar todos os proxectos”.